



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

AURENTINO ALONSO ARAUJO, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

Información e xustificación sobre “especificacións da motivación das subvencións nominativas con cargo a aplicación orzamentaria 341.11/482.05 para o fomento do deporte”, e que forman parte do expediente de modificación de créditos orzamentarios 5/2020 e donde se recolle unha subvención para “gastos de funcionamento 2019/2020” entre outros, aos clubs ourensáns participantes na terceira división da liga española da Real Federación Española de Fútbol, facendose por parte do “asesor de deportes”, D. Bernardino González Vázquez unha “motivación conxunta” das aportacións recibidas por estes clubs e onde as diferencias económicas desta subvención son notorias, e neste caso claramente inferior a concedida ao Clube Deportivo Barco.

Considerando que este citado clube cumpre, ao igual que o resto desta categoría coa mesma motivación exposta, e engadindo os éxitos deportivos da pasada tempada, onde xunto co Ourense C.F foron quen de disputar no estado vigués de Balaídos unha fase de ascenso a superior categoría da 2ªB e tamén recoñecendo as superiores dificultades e gastos nesta categoría de ámbito autonómico onde os desprazamentos do C.D. Barco son moi superiores os de calquer outro equipo.

Polos motivos expostos, reiteramos unha xustificación dos motivos de acadar a aportación económica da Deputación máis baixa, e tamén claramente inferior a recibida en campañas anteriores.

En Ourense, a 16 de setembro de 2020

Asinado: Aurentino Alonso Araújo

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdegpsuedepourense.es
socialistaourense@gmail.com
Facebook: PSdeGdeOurense
Twitter: @PSdeGDepOU